



**CONCELLO DE
OLEIROS**

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

A Mesa de Contratación reunida o día 23 de agosto de 2018 remitiu os sobres nº 1 denominados "Proposta suxeita a avaliación previa" presentados para a adxudicación da licitación que de seguido se cita a informe dos servizos técnicos municipais para a súa avaliación:

- "Parque infantil na urbanización "As Torres" (Oleiros)"

Procedería convocar Mesa de Contratación para dar conta do informe técnico emitido e proceder, se é o caso, á apertura, en acto público, dos sobres nº 2) correspondentes á oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior.

Por outra banda, a Mesa de Contratación reunida o día 30 de agosto de 2018 remitiu os sobres nº 1 denominados "Proposta suxeita a avaliación previa" presentados para a adxudicación das licitacións que de seguido se citan a informe dos servizos técnicos municipais para a súa avaliación:

- "Reforma do centro de lecer de Sta. Cruz"
- "Pavimentación da rúa Mapoulas e rúa Abella"
- "Acondicionamento das rúas Río Xallas, Río Ulla e Río Eo"
- "Acondicionamento das casas do pobo de Lorbé e Dexo"

Procedería convocar Mesa de Contratación para dar conta dos informes técnicos que se emitan e proceder, se é o caso, á apertura, en acto público, dos sobres nº 2) correspondentes á oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior.

Xa que logo, no uso das facultades que a Lei me concede

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar **Mesa de Contratación** para o vindeiro **xoves, día 20 de setembro de 2018, ás 12:30 horas**, que terá lugar na Sala de Xuntas da Casa do Concello de Oleiros, para os efectos de emitir ditame sobre das seguintes licitacións:

- 1) "Parque infantil na urbanización "As Torres" (Oleiros)"
- 2) "Reforma do centro de lecer de Sta. Cruz"
- 3) "Pavimentación da rúa Mapoulas e rúa Abella"
- 4) "Acondicionamento das rúas Río Xallas, Río Ulla e Río Eo"
- 5) "Acondicionamento das casas do pobo de Lorbé e Dexo"

SEGUNDO.- A Mesa estará composta, de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión que tivo lugar o día 22 de febreiro de 2018, polos seguintes membros:

Presidente

Titular....: D. Angel García Seoane, Alcalde-Presidente da Corporación
Suplente: D^a M^a José Varela Neira, 1^a Tenente de Alcalde



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Vogais

Titular....: D^a Sandra Fernández Fernández.
Suplente: D. Jaime Rumbo Mosquera.

Titular....: D. Marcos Veiga Rodríguez
Suplente: D^a Susana Miranda Fernández.

Titular....: D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental da Corporación

Titular....: D. Jacobo Molina Saenz, Interventor Accidental da Corporación.

Secretario da Mesa

Titular....: D. José Manuel Díaz García.
Suplente: D. Iago López Álvarez

E como técnicos asistentes para estas licitacións:

- D. José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico municipal, para as licitacións nº 1) e 2)
- D. Iñaki Cubillo Bueno, enxeñeiro municipal, para a contratación nº 3)
- D^a Isabel M^a Freire Ramos, enxeñeiro municipal, para as licitacións nº 4) e 5)

TERCEIRO.- Notifíqueselle ós membros da Mesa.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, en Oleiros o dezaioito de setembro de dous mil dezaioito.

O ALCALDE

Asdo: Angel Garcia Seoane

